

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA DE 29 DE FEBREIRO DE 2024.

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as oito horas e sete minutos do 29 de febreiro de 2024 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as que se indican:

Concelleiros/as :

D CÉSAR FERNÁNDEZ GIL (PP) Alcalde.
D^a MARILUZ EXPÓSITO PÉREZ (PP)
D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)
D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ (PP)
D JUAN CARLOS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ (PP)
D FRANCISCO JAVIER POUSA CARRERA (PP)
D^a YOLANDA GÓMEZ GÓMEZ (PP)
D^a NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO (PSOE)
D JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ (PSOE)
D LUIS GULÍN IGLESIAS (PSOE)
D^a MARÍA TERESA RODRÍGUEZ ESTÉVEZ (BNG)
D XURXO GÓMEZ ALONSO (BNG)
D BRAIS FIDALGO MARTÍNEZ (RENC)

Alcalde.- Moi boa tarde a todos e todas, especialmente ao público que nos acompaña, imos començar a sesión ordinaria do pleno de 29 de febreiro de 2024..

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DAS ACTAS DAS ÚLTIMAS SESIÓNS CELEBRADAS: ORDINARIA DO 30 DE XANEIRO DE 2024.

Non formulándose observacións, fica aprobada.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía ditadas dende a sesión anterior e que de seguido se relacionan:

Do 28 de decembro, sobre concesión de dereitos sociais.

Do 2 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 4 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 8 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 10 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 15 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 16 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 19 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 22 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 25 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 26 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 29 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 30 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 31 de xaneiro, unha sobre aboamentos, unha sobre empadronamento; unha sobre bonificación de do ITVM.

Do 1 de febreiro, unha sobre aboamentos, unha sobre concesión de vacacións; unha sobre ampliación de horario; unha sobre renuncia de subvención; dúas sobre empadronamento; unha sobre devolución de fianza; unha sobre concesión de servizo da axuda no fogar; unha sobre extinción de contrato de traballo.

Do 2 de febreiro, seis sobre liquidación de taxa; catro sobre liquidación de plusvalía; dúas sobre orde de execución; unha sobre petición de subvención; tres sobre recoñecemento de trienios.

Do 5 de febreiro, unha sobre inscrición no padron de habitantes; unha sobre petición de subvención; unha sobre recoñecemento de trienios.

Do 6 de febreiro, dúas sobre vacacións; tres sobre eficacia de comunicación previa; unha sobre concesión de servizo de axuda no fogar; tres sobre liquidación de plusvalía; unha sobre bonificación de ITVM; unha sobre recoñecemento de responsabilidade patrimonial.

Do 7 de febreiro, unha sobre aboamentos, unha sobre orde de execución, unha por licenza de ingreso de familiar; unha por licenza de matrimonio; unha sobre expediente de contratación do servizo de colaboración coa recadación municipal; unha sobre liquidación de taxa; dúas sobre vacacións; unha sobre concesión de axuda no fogar; nove sobre liquidación de plusvalía.

Do 8 de febreiro, unhas obre aboamentos, tres sobre inscrición no padron municipal; unha sobre prórroga de solicitude de comunicación previa; unha sobre ampliación de horario; unha sobre concesión de axuda no fogar.

Do 9 de febreiro, unha sobre bonificación de IVTM.

Do 12 de febreiro, unha sobre aboamentos, catro sobre incrición no padron de habitantes; unha sobre concesión de licenza de obras; unha sobre ampliación de horario; unha sobre devolución de aval bancario; unha sobre bonificación do IVTM; unha sobre fraccionamento de debeda.

Do 14 de febreiro, unha sobre aboamentos, unha sobre procedemento de contratación de servizo de colaboración e asistencia o aparcamento municipal; unha sobre nomeamento de avogado e procurador en procedemento contencioso; unha sobre remisión de expte. Administrativo en procedemento contencioso; unha sobre petición de subvencións, unha sobre contratación do servizo de prevención da lexiónelose; unha sobre contratación de subministro de material de limpeza; unha sobre licencia por enfermidade de familiar; unha sobre eficacia de comunicación previa.

Do 16 de febreiro, dúas sobre concesión de eficacia de comunicación previa, dúas sobre plusvalías e unha sobre retirada de vehículos abandonados.

DO 19 de febreiro, unha sobre concesión de vacacións; unhas sobre devolución de imposto; unha sobre fraccionamento de débedas; unha sobre petición de subvencións; unha sobre concesión de licencia a taller mecánico; unha sobre baixa voluntaria de persoal laboral; un sobre retirada de vehículo abandonado.

Do 20 de febreiro, sobre adxudicación de servizo de conciliación; dúas sobre limpeza de maleza.

Do 22 de febreiro, unha sobre retirada de vehículos, unha sobre agrupación de parcelas, unha sobre bono natalidade, cinco sobre enterramento, dúas sobre petición de subvencións; catro sobre providencias de prema; unha sobre incoación de expte. de reposición da legalidade urbanística; dúas sobre comunicación previa de obras.

.

Do 23 de febreiro, unha sobre petición de subvencións; catro sobre empadronamentos; unha sobre concesión de vacacións; unha sobre lista definitiva de aspirantes para cobertura da praza de peon obras-conductor maquinaria; unha sobre remisión de expediente contencioso administrativo.

Do 26 de febreiro, unha sobre petición de subvencións, dúas sobre empadronamento.

Do 27 de febreiro, dúas sobre exención de ITVM, unha sobre providencia de prema, unha sobre fraccionamento de débeda, unha sobre bonificación de imposto e unha sobre empadronamento.

Do 28 de febreiro, tres sobre nomeamento de persoal laboral fixo, unhas sobre data de recibos do I.B.I., dúas sobre exención de ITVM, unha sobre petición de subvención e unha sobre personamento en contencioso.

Do 29 de febreiro, unha sobre gratificación a persoal, cinco sobre exención de ITVM, dúas sobre nomeamento de persoal laboral fixo e dúas sobre recursos contra providencias de apremio.

3.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE.

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 22 de febreiro de 2024 adoptou o seguinte ditame

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Reguladora da Venda Ambulante, Introdúcese un novo artigo “1 bis”, co seguinte teor literal:

Artigo 1 bis .- A feira quincenal á que fai referencia o artigo 1, ubícarase, con carácter xeral, no recinto da alameda, na rúa progreso (no frontal da alameda), na rúa Virxe do Portal e na rúa San Lázaro. No caso de que o recinto da alameda se atope ocupado polo desenvolvemento de calquera outra actividade municipal, a feira celebrarase na rúa veronza, e este cambio, en cada ocasión que sexa preciso, será comunicado aos comerciantes autorizados para a venda ambulante por parte do concello con unha antelación mínima de quince días.

SEGUNDO. Someter o devandito texto a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de *trinta días* para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

TERCEIRO. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno .

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, PP; reservanse para o pleno os membros de PSOE, BNG, e RENC.. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D Brais Fidalgo Martínez (RENC).- Boa tarde a todos e todas, e ao público presente. Todos os grupos da oposición dixemos algo parecido, que opinasen os grupos da oposición , consulta cos comerciantes de Ribadavia e logo falar cos vendedores ambulantes. Nada de isto se fixo polo que parece. O goberno tomou unha decisión unilateral sen consultar as partes nin aos sectores aludidos. Hai xente que se sentiu non consultada.

Por estas circunstancias non podemos estar a favor.

D Xurxo Gómez Alonso (BNG).- Me sorprende que haxa tanta xente, o grupo de goberno dixera que todos os comerciantes ambulantes estaban de acordo en trasladarse. Se trata de unha decisión unilateral sen consultar á xente.

Nos estamos dispostos a dialogar e a consensuar para alcanzar unha solución correcta.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Moi boa tarde a todos e ao público presente. Os comerciantes que asisten á feira son parte do sistema económico de este pobo. A min me sorprende. Entendo e así o fixen saber que isto ía a ocorrer se non se facían as cousas ben.

O grupo de goberno entrou nunha mala dinámica, non sabemos canta xente non está de acordo.

Non podemos dar o visto bo a algo que descoñecemos. Calquera cambio de ubicación conleva conflitos, a decisión é difícil. Eu entendo aos que non están de acordo. Non respecta o alcalde ás persoas como eu que ofrecen axuda.

Os feirantes non ten un só representante, hai gremios. Os grupos non coñecemos a ubicación proposta. No último pleno o alcalde dixo que ía a falar cos grupos, con nos non se falou. Nos nos enteramos polas redes sociais.

A preguntas de Brais Fidalgo se dixo que se fixo unha enquisa, non é serio.

Non é o concello o que toma a decisión, é o grupo de goberno. Estamos dispostos a falar, non adopten un acordo que é un desacordo. Se non o noso voto non pode ser favorable. Se se tivese falado pode ser que se apoiase a proposta.

Alcalde.- Facer unha serie de precisións. Non teño a acta diante neste momento, pero no anterior pleno se dixo cal era a nosa proposta e está recollida na acta.

O procedemento foi o mesmo ou moi similar ao que se seguiu para baixar a feira á Veronza. Ribadavia foi o primeiro concello en ter feira durante a covid, ao baixar a feira á Veronza. Houbo unha reunión cos representantes, o que se quería era traballar nun contexto en que non se facía. Era unha ubicación temporal, provisional; logo continuaron. Na última etapa do mandato anterior houbo queixas dos veciños, dos comerciantes locais, que pedían traer a feira ao centro da vila. No mes de setembro ou outubro houbo unha reunión con cinco representantes dos feriantes. O procedemento seguido foi o mesmo e coas mesmas persoas que se falou en 2020. Se pide unha reunión para cambiar a ubicación. Se dixo que xa se estaba traballando. A nosa proposta se dixo aquel día que era utilizar a Alameda. Había vontade de cambiar a feira ou perdería potencial. Se continuou co traballo de cambio de ubicación.

No pleno pasado, a preguntas de algún grupo, se dixo que a ubicación sería na Alameda e no contorno da alameda. Mañá hai unha reunión cos feirantes as seis da tarde.

A idea era traer a feira ao centro do pobo, entendíamos que esta era a ubicación correcta. É moi similar a anterior, se evitan parte dos problemas de acceso aos edificios e das ambulancias e vehículos de emerxencias ao asilo. Esa é a nosa proposta, se dará unha explicación detallada maña.

Representante dos feirantes.- Agradecemos profundamente o traslado e o poder traballar durante a pandemia. Sempre convivimos co comercio local. Houbo unha votación para volver arriba e gañou o sí, pensando que era a ubicación anterior. Non todos queremos a feira na Veronza. O acceso á alameda non é adecuado para persoas maiores, moitas veces está embarrado. Non se contou conozco. Non se nos reuniu e hoxe se vai a aprobar. Somos unha parte moi importante, sen feirantes non hai feria.

Representante dos comerciantes (2).- Cando se trasladou a Veronza, viñeron máis postos, Necesitamos ter o coche a pe do posto.

Alcalde.- Está contemplado na proposta, o coche está a pé dos postos.

D Brais Fidalgo Martínez (RENC).- Facemos nosas as palabras do comerciante. Paradigmático de cal foi o comportamento do alcalde. Dixo algunhas verdades e outras a medias, que é unha forma de mentir. Se o goberno non tivera maioría absoluta , como mínimo, convocaría aos grupos. Non se pode decir que ir a Veronza foi pola covid e que agora o procedemento é o mesmo, é mentir a medias. Non hai excusa para non convocar aos grupos e os feirantes.

Vexo que hai posibilidade de diálogo, escoitando aos representantes dos feirantes. Sen feirantes non hai feira, Un goberno ten que xestionar diferentes intereses. Pedimos que quede o tema enriba da mesa, e que se nos convoque a unha reunión aos grupos da oposición, e que haxa un acordo por unanimidade,ou polo menos, con diálogo.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Para min foi unha sorpresa atopar tanta xente no pleno. Na última feira vin eses carteis de protesta.O goberno tomou unha decisión sen consultar. Se sae aprobado é porque hai un goberno con maioría. Que quede enriba da mesa e se fale cos implicados. Nunca todo o mundo vai a estar de acordo, hai un malestar. A min me gusta que se fale coa xente.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Despois de escoitar as explicacións do alcalde quedo máis preocupado, a forma de actuar é moi importante para chegar a acordos. A decisión é difícil, hai que ser empático coas persoas. É un tema moi serio para o pobo, que os feirantes estén de acordo co cambio de ubicación. Nos oito últimos meses este pobo está peor. Neste tema faltou diálogo , hai que buscar solucións.

Se invoca a covid para decir que se fixo unha cousa ben, pero non é a mesma situación.

Non hai tanta urxencia en facer algo se non está consensuado.

No ano 2003 había que reubicar a feira, se tardou, pero ao final houbo acordo. Houbo demagogia polo PP, que se había un falecemento no asilo non podían entrar os coches.

Se non hai acordo, non pode haber proposta que apoiemos, O noso grupo non pode aprobar algo se non van a vir unha parte dos feirantes.

No último pleno se falou de ubicación na alameda, pero non se falou das rúas adxacentes, se falou de reunión cos grupos que non houbo. Eu falei de utilizar a Picuxa, agora que non hai colexio. Ningún falou de estudar a posibilidade, ningún falou con nos. Deixemos enriba da mesa o tema. Podemos aprobar esto nun pleno extraordinario antes do día nove, o podemos traer cun acordo entre todos.

Alcalde.- Un matiz importante, é unha aprobación inicial, hai un período de exposición pública; hai tempo para modificar o acordo se é necesario. Se lle da natureza xurídica a unha ubicación que non estaba recollida, se mellora a ordenanza. Hai marxe para alegacións, se non hai acordo. A responsabilidade do goberno é tomar decisións. Vontade de escoitar e de consenso toda.

A sociedade demanda que a feira volte ao centro, e creíamos tamén que todos os feirantes, agora se ve que non todos.

Representante comerciantes (3).- Estiven buscando a ordenanza na páxina web e non a pude descargar. Hai unha lei de comercio interior de Galicia de 2010 e a ordenanza é anterior. A ordenanza non está adaptada, non está actualizada, habería máis cousas que actualizar.

Alcalde.- Estou convencido de que a proposta vai a ser do seu agrado, queremos evitar problemas a futuro.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- O tema xurídico é unha cuestión menor, non sería nada problemático ter un pleno o luns ou o martes.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado , votos a prol PP (7), votos en contra PSOE (3); abstencións BNG (2), RENC (1), fica aprobada.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Que quede claro, porque logo hai terxiversacións. Votamos en contra porque non se quere esperar ao luns ou martes para facer un pleno extraordinario co acordo de todos. Non é que estemos de acordo ou en desacordo, non coñecemos a ubicación con exactitude. Non entendo que non haxa esa capacidade de esperar ao luns ou martes, e querer enganar a xente decir que o acordo se pode cambiar.

4.-MOCIÓN RENC PARA QUE A XUNTA ARRANXE O TEITO DOS PAVILLÓNS DE RIBADAVIA.

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 22 de febreiro de 2024 adoptou o seguinte ditame

1. O CONCELLO DE RIBADAVIA SOLICITA QUE A XUNTA ARRANXE OS TELLADOS DOS PAVILLÓNS DE RIBADAVIA. E COMO MÍNIMO:

- UNHA NOVA CUBERTA PARA O PAVILLÓN DE RIBADAVIA.

- UNHA NOVA CUBERTA PARA O PAVILLÓN DE MAQUIÁNS, que é a aula de educación física dos IES O RIBEIRO.

2. Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a que colabore con Ribadavia para tal fin, e se busque a través dun convenio outras colaboracións na área de deportes.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, RENC ; reservanse para o pleno os membros de PSOE, BNG, e PP.. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D Brais Fidalgo Martínez (RENC).- Decía que a aprobación inicial é a única vez que o pleno pode votar. Se aproba sen consenso.

O noso grupo pediu no Consello Municipal de Deportes que a obra do pavillón se fixese sen perxudicar a tempada, se puido facer en xullo ou agosto. Sempre se escurre o bulto ou se lles vota a culpa a outros.

A Xunta destina 200.000 euros á luminaria e teito do pavillón de Castrelo de Miño, se lle queda cara de parvos a todos os veciños, mentras a Ribadavia non se lle da nin un euro para o pavillón. É un menosprecio a todos os veciños de Ribadavia e da comarca. A consellería de Educación se negou a renovar o convenio do pavillón cando nos estabamos no goberno.

Pedimos un trato igual para Ribadavia por parte da Xunta e da Deputación. A reivindicación tería máis forza con maioría absoluta.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Hai concellos cercanos con menos poboación e grandes pavillóns. O noso centraliza moita actividade, e precisa arranxos. Parece que Ribadavia é a ovella negra.

Vai a seguir o PP na Xunta, o que nos queda é pedir cousas para Ribadavia., eiquí non ven máis que o que non queda máis remedio.

As nove horas e dez minutos se ausenta da sesión plenaria o concelleiro don José Ignacio Gómez Pérez.

D^a Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- É un suma e sigue de discriminación negativa. Todo son anuncios para outros concellos. A Ribadavia non ven nada, nin siquiera , co PP no goberno municipal. Os pavillóns municipais son edificios antigos con moito uso, precisan arranxos, mesmo por motivos de seguridade. Hai que petar nas portas de outras administracións.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Imos votar a favor, somos conscientes da problemática de este pavillón e de outros edificios municipais.

D Brais Fidalgo Martínez (RENC).- Grazas a todos os grupos polo voto a favor. A oposición debe ser dura nas reivindicacións, agardemos que Xunta e Deputación colaboren. O alcalde é o deputado de Deportes da Deputación Provincial.

Non estamos en contra de que a Xunta e a Deputación colaboren con outros concellos da comarca, pero Ribadavia é a capital da comarca e ten moitas máis fichas deportivas. Hai que priorizar e asignar recursos, non cabe un concello un pavillón na Galicia baleirada.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade dos presentes.

5.- MOCIÓN RENC PARA QUE AUGAS DE GALICIA E A XUNTA COLABOREN CON RIBADAVIA NA MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS DE AUGA E SANEAMENTO.

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 22 de febreiro de 2024 adoptou o seguinte ditame

- 1. O Concello de Ribadavia solicita que a Xunta se comprometa a realizar a captación no río Miño, cuxo proxecto xa foi aprobado polo anterior goberno municipal, e o seu tramite realizado diante de todas as Administracións con competencia.**
- 2. O Concello de Ribadavia demanda que confederación hidrográfica (CHMS) e Deputación provincial tamén colaboren na obra da nova captación no río Miño.**
- 3. Instar ao goberno da Xunta de Galicia, Deputación e CHMS a que colaboren con Ribadavia para realizar arranxos na rede de abastecemento e saneamento, tales como estacións de bombeo e separación de augas pluviais e residuais.**

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, PSOE e RENC; reservanse para o pleno os membros de PP, e BNG.. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente

D Brais Fidalgo Martínez (RENC).- Vou a tentar ser breve. Máis alá de que a ubicación da captación sexa un ou outra, o único proxecto é no río Miño. O alcalde en prensa fala de outras alternativas, habería que cambiar o proxecto e facer unha ronda de consultas cos grupos.

Se reclama o que é de xustiza para Ribadavia. Cando foi a crise da seca só houbo ataques demagóxicos. É un problema sen resolver, para que non nos volva a coller en futuros verans. Agardamos que se traballe e se leve a cabo, que non sexa unha promesa de antes das eleccións. Se acabaron as excusas, a Confederación Hidrográfica comprometeu o seu apoio, as demais administracións están en mans do PP.

Estamos agardando polo tema de A Groba e As Chavolas.

D Xurxo Gómez Alonso (BNG).- No próximo pleno vou a traer unha moción para que se cumpran as mocións que se aproban. No ano 2022 saímos nos telediarios polo problema da seca, non se solucionou nada.

Houbo videos electorais con promesas do alcalde, unha a captación de auga, non se fixo nada. A captación do Avia é medio ilegal.

¿ Por qué non ven as infraestruturas que se prometeron en campaña?

A política hidrolóxica do concello ¿ é rezar para que choiva?

Alcalde.- O mandato son catro anos, os veciños nos valorarán polo feito en catro anos.

Dª Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- Todo son promesas ,non se fixo nada. A captación é legal con todos os permisos. Se fixo unha nova captación, Augas de Galicia non axudou nada, a Confederación axudou. O grupo de goberno solventou a situación, traballamos moito na seca.

A directora de augas de Galicia chamou un mes despois para abroncarnos. Augas de Galicia ten que reinvertir en Ribadavia o canon da auga.

Dª Mariluz Expósito Pérez (PP).- As promesas son para catro anos. Estamos traballando ,somos plenamente conscientes da problemática. Os expertos deben buscar a forma máis eficiente, estas obras requiren prudencia. É imprescindible a axuda de outras administracións, o concello, por sí só,non pode.

D Brais Fidalgo Martínez (RENC).- É unha infraestrutura crucial. Tanto o PP, BNG e PSOE xestionaron a auga en Ribadavia. Cando a seca a TVG viña a Ribadavia,pero non ía a Castrelo. Non houbo axuda da Xunta e da Deputación. A táctica do PP é canto peor mellor.

A captación non foi ilegal, tiña permiso da Confederación.

O responsable é xuntar forzas en algo tan crucial como a auga. Nos apoiaríamos se o goberno intentase xestionar neste tema.

Que a Confederación non deixe de apoiar como apoiou na crise.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade dos presentes.

6.--MOCIÓN DE URXENCIA.

Non houbo.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

D Brais Fidalgo Martínez (RENC).- Que o alcalde garde a orde da sesión.
Solicitamos á alcaldía que sancione ao Sergas por iniciar as obras do Centro de saúde sen presentar a comunicación previa con quince días de antelación.
Que se xestione diante da Deputación a inclusión das termas de Prexigueiro no bono para xubilados da Deputación.
Que haxa transporte público para persoas maiores ao balneario de Cortegada.
Que se humanice a zona da Porta Nova.
Que se adapte a sinalización do casco histórico á normativa PERI.
Que se coloque pancarta conmemorativa do 8-M no concello.
Preguntar se participou persoal municipal no mitin do PP na casa da Cultura.

Alcalde.- Tomo nota dos rogos, non participou persoal municipal no mitin da casa da Cultura

D Xurxo Gómez Alonso (BNG).- Preguntar se o concello vai a participar no programa do IGVS de catálogo de alugueiro de vivendas.
Preguntar como están o tema da residencia e do albergue.
Hai moitas queixas respecto á internet e a banda ancha.
¿ Cómo está o tema da terceira fase do polígono que estaba en zona inundable? ¿ hai algún proxecto para a reindustrialización de Ribadavia?
¿ Que se sabe do anuncio de arranxo da carretera de A Veiga en San Cristovo?
¿ Se va a subir o salario das traballadoras do SAF e de qué partida?

Alcalde.- Se está estudando entrar no catálogo do IGVS.
No albergue e na residencia se está traballando.
Houbo unha reunión de alcaldese en Melón polo tema da banda ancha, vai a haber un programa para darlle solución.
No polígono se está facendo un estudio hidrolóxico.
Na carretera hai un proxecto de 226.000 euros, que entrou por rexistro en decembro.
Para as traballadoras do SAF hai un plus de produtividade no orzamento.

D Xurxo Gómez Alonso (BNG).- Estamos estudiando, estamos traballando.. todo así.
Recorda a famosa frase de Aznar: Estamos trabajando en ello.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Hai queixas por non atender as chamadas de teléfono nas paradas de taxi.
Colocaronse as marquesiñas diante do IES, farían falta tamén na estación de autobuses.
Sobre o convenio co balneario de Cortegada, hai actividades que non se poden facer en Cortegada. Carballeda tiña un convenio para levar a xente a Cortegada.
Reiterar a petición da reunión da Fundación de Prexigueiro.
Preguntar si se colocou un contenedor marrón nas banquetas.

D Juan Carlos Fernández Fernández, concelleiro de Servizos.- Se fan probas unha vez á semana.

Alcalde.- As marquesiñas as deu a AXI.
O programa de termalismo é para loitar contra a soedade non desexada. Prexigueiro se pudo adherir pero non quis.

A reunión da Fundación está pendente de que os veciños elijan a directiva.

D^a Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- Agradecer a información sobre o tema do termalismo.

O anterior goberno sempre foi moi escrupuloso no tema dos avisos e das reunións.

Sobre a pancarta do 8-M, se non a atopan ou non teñen constancia de onde está que se encargue outra.

¿ O concello vai a realizar un manifesto con motivo do 8-M?

Alcalde.- Adherirse ao da Fegamp.

D Luis Gulín Iglesias (PSOE).- Dar a benvida aos novos veciños procedentes de Paraguai, Ecuador, Alemaña que apostan por Ribadavia.

Que se teñan en conta os festivos de semana santa para fixar as datas de comisións informativas e pleno do próximo mes.

Nas redes sociais houbo parabens polo feito de que a volta ciclista con meta en Ribadavia se viu en 200 países, namentres 200 veciños non tiñan sinal de internet polo caída dun raio sobre un poste.

Sobre a captación de auga, o problema xa se plantexaba no ano 1960. O entón alcalde, don Jaime Davila, tiña un plan para solucionar o tema que pasaba pola fusión de municipios, non foi posible porque ningún concello quería renunciar á capitalidade.

E sendo as 22:00 horas o alcalde levanta a sesión.